

MOCIÓN DE AER SOBRE O SERVIZO DE EMERXENCIAS

PLENO 27 OUTUBRO 2011. ACTA 20/2011

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En vista da deficiencia no servizo de emerxencias, que se vén arrastrando dende o anterior goberno, e da necesidade do pobo deste servizo, AER considera necesario o coñecemento público do posicionamento de cada partido da corporación neste tema para acadar unha solución inmediata.

Dende o momento en que coñecemos a problemática neste asunto mantivemos diversas reunións cos ex-traballadores do servizo, co concelleiro responsable deste tema, coas demais forzas políticas que puideron ou quixeron asistir, ademais de con expertos e técnicos independentes.

Dende AER consideramos que, sabendo que non se incumpre ningunha lei co actual servizo de emerxencias con 3 persoas, reclamamos a mellora do servizo dentro das posibilidades deste concello e para iso consideramos fundamental o debate público neste pleno para poder atender aos nosos cidadáns e ademais esiximos do goberno actual que cumpra coas súas promesas electorais de ter un servizo como merece un pobo de 30.000 habitantes como é Redondela.

Por todo o anteriormente exposto, a Agrupación de Electores de Redondela propón ao Pleno do Concello os seguintes **acordos**:

Manter unha reunión de urxencia por parte de todos os grupos políticos de Redondela para tentar chegar a un acordo que solucione as deficiencias no Servizo de Emerxencias de Redondela."

VOTACIÓN E ACORDO.-

Sometido o asunto a votación, a Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes sendo vinte e un votos a favor (10 do PP, 8 do PSdeG-PSOE, 2 do BNG e 1 de AER), acordou aprobar nos seus propios termos a moción nos antecedentes transcrita.